



## Servizo Xurídico

**Dirixido a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e aos seus familiares**

---

*Federación galega de asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento*

Organiza:

**FADEMGA**  
 **Plena**  
inclusión  
Galicia

Subvenciona:

 **XUNTA**  
**DE GALICIA**

# O SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA

## QUE É O SERVIZO XURÍDICO?



É un servizo que ofrecemos durante todo o ano, a través do Programa de Apoio Familiar e Persoal.

Máis información:

<http://fademga.plenainclusiorgalicia.org/gl/servizos/atencion-a-familias/asesoria-xuridica>

Tenta dar resposta a dúbidas de carácter legal e xurídico referidas aos seguintes temas:

Dependencia.

Dereitos persoalísimos como o matrimonio, o contrato laboral, o dereito á imaxe, o voto.

Exercicio da tutela.

Fundacións tutelares.

Herdanzas.

Interrupción do embarazo.

Esterilización.

Internamentos involuntarios.

Patrimonio protexido.

Procedemento de modificación da capacidade de obrar e revisión de sentenzas.

Responsabilidade penal e civil de persoas coa capacidade de obrar modificada.

Outros relacionados (a valorar).

O Servizo Xurídico ten 2 modalidades de atención:

**As consultas individuais.**

**As charlas xurídicas.**

## A QUEN VAI DIRIXIDO?

Este servizo informa, orienta e asesora a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e aos seus familiares.



## CONSULTAS INDIVIDUAIS

### COMO SE SOLICITAN AS CONSULTAS?



As consultas solicítanse por escrito a través da Ficha de Consultas Individuais. Podedes atopala na nosa páxina web <http://fademga.plenainclusion Galicia.org/gl/>

As persoas e familias interesadas terán que presentar esta Ficha a través dos servizos sociais que teña de referencia (entidade, concello, etc.) cubrindo tódolos apartados. A ficha poderá enviarse á Federación a través dalgunha destas modalidades:

**Por correo electrónico á dirección: [familias@fademga.org](mailto:familias@fademga.org)**

**Por correo postal á dirección:**  
Vía Pasteur 53 A. Polígono do Tambre.  
15890–Santiago de Compostela.

### CUSTE DAS CONSULTAS



**Primeira consulta: 10 euros.**

**Segunda consulta: 15 euros.**

As persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e os seus familiares terán dereito a solicitar un máximo de 2 consultas ao ano.

A Federación confirmará por escrito o lugar, data e horario de atención do servizo, e emitirá unha factura a nome da entidade solicitante ou da persoa (no caso de que faga a consulta directamente de forma particular). O importe da consulta ingresarase na conta IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857.


### CANDO SE PODEN ENVIAR AS CONSULTAS?

En calquera momento.

Cando as solicitudes sexan para entrevista persoal deberán estar na Federación 7 días antes da data solicitada para a consulta.

### COMO ATENDEMOS AS CONSULTAS.

### PENALIZACIÓN



Atenderemos a s consultas por orde de chegada, agás nos casos de extrema urxencia, polo motivo e a temporalidade da consulta.

As consultas hai que solicitalas para algunha das datas que figuran no cadro da páxina seguinte, agardando a confirmación da Federación do día, lugar e hora na que serán atendidas. A avogada poderá atender as consultas presencialmente ou a través de video-chamada de WhatsApp.

**MOI IMPORTANTE:** a persoa que solicite entrevista persoal e non acuda á cita sen motivo xustificad, deberá aboar á Federación 50 euros, que é o custe medio por consulta. As entidades terán que aboar dito importe no caso de que a persoa sexa derivada por elas.



# CONSULTAS INDIVIDUAIS

## DATAS E PROVINCIAS DE ATENCIÓN

O día de atención será normalmente na segunda quincena de cada mes, normalmente o último xoves de cada mes (agás o mes de decembro). No seguinte cadro vos presentamos as datas e as provincias de atención deste ano 2020:



DATA DO SERVIZO	PROVINCIA
30 de XANEIRO	A CORUÑA
27 de FEBREIRO	PONTEVEDRA
26 de MARZO	OURENSE
30 de ABRIL	LUGO
28 de MAIO	A CORUÑA
25 de XUÑO	PONTEVEDRA
30 de XULLO	OURENSE
27 de AGOSTO	LUGO
24 de SETEMBRO	A CORUÑA
29 de OUTUBRO	PONTEVEDRA
26 de NOVEMBRO	OURENSE
17 de DECEMBRO	LUGO

## ACLARACIÓNS

Coas datas pechadas podemos organizar o servizo e garantir a disposición da avogada un día ao mes.

As datas poderían sufrir algunha variación, que se comunicaría as asociacións.

En función das solicitudes recibidas organizaremos os lugares e horarios de atención das consultas.



# CHARLAS XURÍDICAS

Coas charlas xurídicas achegamos temas xurídicos de relevancia dun xeito ameno e próximo ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias

## DESTINATARIOS E TEMAS



**Familiares e persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.** Deberán representar o 80% dos asistentes.

O número mínimo de participantes será de 10 e o máximo de 30.

Os temas que se abordan nestas charlas son:

A modificación da capacidade de obrar.

A dependencia.

A herdanza.

O patrimonio protexido.

Os dereitos persoalísimos.

A autotutela.

O contrato de alimentos.

Outros relacionados.

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



As entidades interesadas terán que presentar a súa solicitude por escrito, cubrindo tódolos apartados da **Ficha de Charlas Xurídicas**.

Recoméndase non seleccionar máis de 2 temas por charla, para que a información quede máis clara aos asistentes.

A ficha enviarase a FADEMGGA Plena inclusión Galicia con **2 semanas de antelación** á data de celebración solicitada, por correo electrónico á dirección [familias@fademga.org](mailto:familias@fademga.org)

## CELEBRACIÓN DAS CHARLAS

Preferentemente terán que ser **en horario laboral de luns a venres**. A Federación acordará a data, horario e lugar de celebración coa avogada para que se adapte ás necesidades da entidade solicitante.



# CHARLAS XURÍDICAS

## QUEN IMPARTE

## AS CHARLAS?

## CANTO DURAN?



A persoa encargada de impartir a charla será a avogada do noso Servizo Xurídico. Ofrecemos 2 posibilidades:

- 1) Charla presencial, que terá lugar no espazo que facilite a asociación. Pasaremos un listado de asistencia e un cuestionario de avaliación.
- 2) Charla online, a través da plataforma zoom. Enviaremos un enlace por correo electrónico para que as persoas interesadas poidan conectarse.

A duración aproximada da súa intervención é de 2 horas.

## CUSTE DAS CHARLAS:



**40 euros:** as entidades asociadas a FADEMGGA Plena inclusión Galicia.

**70 euros:** as demais entidades.

A Federación confirmará o lugar, data e horario de atención de celebración da charla e emitirá unha factura a nome da entidade solicitante, que ingresará o importe correspondente na conta **IBAN ES87 2080 0300 89 3040126857**.

O custe total de cada charla ascende a 140 euros e o asume a Federación a través do Programa de Apoio Familiar e Persoal, ambos subvencionados pola Xunta de Galicia grazas ás persoas que sinalan “interese social” na súa declaración da renda.

**ACLARACIÓN IMPORTANTE:** no caso de que na data sinalada para impartir a charla non apareza un mínimo de 10 familiares, a entidade solicitante terá que asumir o seu custe total e non poderá solicitar outra ata que pase un ano, agás por un motivo xustificado e documentado.



# CHARLAS XURÍDICAS

## CRITERIOS

### DE CONCESIÓN



Para que a solicitude sexa aceptada teranse en conta os seguintes criterios:

- 1) A solicitude tense que facer por escrito cubrindo tódolos apartados da **Ficha de Charlas Xurídicas**, facilitada pola Federación na súa web.
- 2) Os **asistentes** serán **mínimo 10 e máximo 40**. Tamén poderán acudir persoas con outro perfil (profesionais, voluntarios, etc) sempre e cando o 80% dos asistentes sexan persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento ou familiares.
- 3) Ás entidades que incumpran algún dos requisitos anteriores denegaráselles a concesión da charla.
- 4) Seguirase a **orde de chegada** das fichas de solicitude.
- 5) Terán prioridade aquelas entidades pertencentes a FADEMGA Plena inclusión Galicia e as que fagan por primeira vez a solicitude.

No caso de que o número de solicitudes supere a partida orzamentaria da que dispón o Programa:

- A) As entidades pendentes da concesión da charla pasarán a formar parte dunha lista de espera e irán tendo saída conforme sexa posible o seu financiamento.
- B) Darase prioridade ás entidades máis participativas e implicadas coa Federación.

## SUXERENCIAS E DÚBIDAS



Se algunha entidade non chega a ter o mínimo de participantes esixidos, cabe a posibilidade de organizar unha charla conxunta con outra entidade da zona.

Para resolver calquera dúbida relacionada co Servizo podedes contactar coa Federación a través do teléfono **981 51 96 50** ou do correo electrónico **familias@fademga.org**



# FADEMGA

---



**Plena  
inclusión**  
Galicia

Subvenciona:



**XUNTA  
DE GALICIA**